

ACTA Nº: 35 / 2022

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE DESENVOLVEMENTO URBANO, PATRIMONIO MUNICIPAL, MEDIO AMBIENTE E OBRAS E SERVIZOS DO DÍA 21.10.2022, ÁS 13:45 H.

Expediente GD: 10829/2022

LUGAR: Sesión celebrada no Salón de Plenos do Concello de Ames, de forma presencial.

DÍA: 21.10.2022

HORA DE COMEZO: 13:45 h.

HORA DE FINALIZACIÓN: 13:55 h.

PERSOAS ASISTENTES:

Grupo municipal Socialista	José Blas García Piñeiro
	Susana Señorís Rodríguez
	Beatriz Martínez Domínguez
Grupo municipal Popular	M ^a Oliva Agra Costoya
	Pablo Beiroa Pampín
Grupo municipal BNG	David Santomil Mosquera
Grupo municipal Contigo Podemos	Vanessa Vidal Freire
Grupo mixto	José Ramón Oulego Erroz

Actúa como **presidente** José Blas García Piñeiro, alcalde; e como **secretaria** Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames.

ORDE DO DÍA

Punto primeiro. Aprobación, se procede, de actas anteriores (sesión ordinaria do 23.09.2022).

Punto segundo. Ratificación do Decreto da Alcaldía 2946/2022, de 20 de setembro, de aprobación do proxecto modificado de acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da gardería municipal "O Bosque".

Punto terceiro. Ratificación do Decreto da Alcaldía 3006/2022, de 26 de setembro, de aprobación do Proxecto completo da obra "melloras básicas das condicións térmicas e acústicas no pavillón polideportivo de Milladoiro".

DELIBERACIÓNS E ACORDOS.

PUNTO PRIMEIRO. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACTAS ANTERIORES (SESIÓN ORDINARIA DO 23.09.2022).

Expediente GD: 9591/2022

A acta da sesión ordinaria do 23.09.2022 é aprobada por maioría absoluta, cos votos a favor de José Blas García Piñeiro, Beatriz Martínez Domínguez, Pablo Beiroa Pampín, David

Santomil Mosquera, Vanessa Vidal Freire e José Ramón Oulego Erroz e coa abstención do resto dos/as concelleiros/as por non estar presentes naquela sesión.

PUNTO SEGUNDO. RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA 2946/2022, DE 20 DE SETEMBRO, DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA TÉRMICA DE CUBERTA E FACHADAS DA GARDERÍA MUNICIPAL "O BOSQUE".

Expediente GD: 1411/2020

A ratificación do Decreto da Alcaldía 2946/2022, de 20 de setembro, de aprobación do proxecto modificado de acondicionamento e mellora térmica de cuberta e fachadas da gardería municipal "O Bosque", é ditaminada favorablemente por maioría absoluta, co voto a favor dos 5 representantes do goberno municipal (3 integrantes do grupo municipal socialista, o representante do grupo municipal do BNG, e a representante do grupo municipal Contigo Podemos) e coa abstención do resto dos concelleiros/as.

PUNTO TERCEIRO. RATIFICACIÓN DO DECRETO DA ALCALDÍA 3006/2022, DE 26 DE SETEMBRO, DE APROBACIÓN DO PROXECTO COMPLETO DA OBRA "MELLORAS BÁSICAS DAS CONDICIÓNS TÉRMICAS E ACÚSTICAS NO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE MILLADOIRO".

Expediente GD: 522/2021

A ratificación do Decreto da Alcaldía 3006/2022, de 26 de setembro, de aprobación do proxecto completo da obra "melloras básicas das condicións térmicas e acústicas no pavillón polideportivo de Milladoiro", é ditaminada favorablemente por maioría absoluta, co voto a favor dos 5 representantes do goberno municipal (3 integrantes do grupo municipal socialista, o representante do grupo municipal do BNG, e a representante do grupo municipal Contigo Podemos) e coa abstención do resto dos concelleiros/as.

Sen mais asuntos que tratar o señor presidente remata a sesión todo o que eu, como secretaria, deixo constancia.

Vº e praxe

O presidente

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Concepción Vilas Cantelar

HASH DO CERTIFICADO:
DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA
0FD2C3776C7B204298B5CEE00905C386F2BBDE1

POSTO DE TRABAJO:
Secretaría
Alcalde

NOME:
PRADA QUEIPO, ROSA ANA
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC29AE575FF58653C488E

